



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A FIRMA DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DO GRAO EN BIOQUÍMICA IMPARTIDO NA FACULTADE DE CIENCIAS.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións das Universidades, por iso é polo que sexa un dos obxectivos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) o complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permite coñecer a realidade laboral.

A administración non debe ser allea á necesidade dun maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, alcanzando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas. O Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, establece, no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinos impartidos pola universidade realicen prácticas académicas externas.

Con esta finalidade, o INTECMAR asinou convenios de colaboración educativa coas tres universidades galegas. Concretamente coa USC asinou en 2021 un convenio para realizar prácticas académicas externas. Coa entrada en vigor do "Real Decreto-ley 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urgentes para la ampliación de derechos de los pensionistas, la reducción de la brecha de género y el establecimiento de un nuevo marco de sostenibilidad del sistema público de pensiones", existe dende o 1 de xaneiro de 2024 a obriga de incluír no sistema da Seguridade Social aos alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas en empresas, polo que esta universidade decidiu modificar o convenio e adaptalo á nova normativa.

Co novo convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa coa Universidade de Santiago de Compostela, delimitando as garantías recíprocas do alumnado e a





entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas. No convenio determínanse os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación das prácticas realizadas polos estudantes nas instalacións do INTECMAR. Establécese que a relación dos estudantes co INTECMAR en ningún caso terá carácter laboral, e, polo tanto, non poderán dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. As actividades realizadas polos estudantes sempre estarán orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que non poderán asinar informes, ditames ou similares.

O texto deste novo convenio é moi similar ao do convenio anteriormente asinado polo INTECMAR coa USC, actualizando só algunhas cláusulas. Do mesmo xeito que o anterior, este convenio non xerará gastos para o INTECMAR, polo que non é preciso elaborar unha memoria económica.

Vilagarcía de Arousa,
A directora do Intecmar

M^a Covadonga Salgado Blanco

